D. Laurentino naceu na parroquia de San Martiño do Volo, provincia de Ourense, no ano 1936, sendo fillo de Ramón e de Guadalupe.

Logo de pasar polo seminario de As Hermitas en 1949,ordenase en Mondoñedo o 27 de maio de 1961. Os primeiros anos de sacerdote fainos en varias parroquias da diocese de Astorga, sendo tamén profesor de relixión e encargado de Cursiños de Cristiandade, así como outros cargos.

No ano 1983 comeza a labor na nosa diocese sendo nomeado ecónomo de Vilasobroso, Cumiar e San Lourenzo de Oliveira. No ano 1986 incardínase na nosa diocese e no ano 1988 é nomeado párroco das

mencionadas parroquias anteriores as que se engade Mouriscados no ano 1991.

No ano 1995 é nomeado administrador parroquial e logo párroco de San Andrés de Comesaña en Vigo, sendo no ano 2001 arcipreste de Vigo-Santo André.

No ano 2017 deixa as parroquias por idade e colabora en parroquias de Vigo. Logo de finar foi velado na parroquia de Santo André de Comesaña, celebrándose a misa exequial o día 13 de decembro ás 12 da mañá. Logo o seu corpo foi trasladado e enterrado no cemiterio parroquial de Santa María de A Veiga na provincia de Ourense.

Descansen en Paz!

VIDA DIOCESANA

Discurso del Santo Padre Francisco a los dirigentes y futbolistas del Real Club Celta de Vigo

Queridos hermanos y hermanas, querido obispo de Vigo, querido Monseñor Carballo:

Me es grato recibirles en esta celebración del primer centenario de este club deportivo. Muchas veces repetí que el deporte es motivo y ocasión para redescubrir y fomentar muchos valores de nuestra sociedad y, en ese sentido, el encontrarme con un club «gallego» es para mí algo que evoca tantas experiencias que como argentino viví en mi propia carne. Si se han dado cuenta, sus colores son los de la Virgen Inmaculada y también los de la camiseta argentina, casi como si nuestra Madre se hubiese querido engarzar entre las dos orillas de este gran océano que más que separarnos, nos ha unido para que no la olvidemos.

Don Carlos me decía en su carta que también él tuvo que cruzar el Atlántico para formar una familia; como tantos otros, seguramente contempló en la lejanía esa bandera blanquiceleste que desde la capitanía del puerto de Vigo los despedía. Y esta es la historia de tantos migrantes que llegaron a Argentina. Un pedacito de su corazón quedó allí esperándolo. No fue el único que lo dejó, y de alguna manera podríamos decir que el corazón de la humanidad está conformado por todos esos pedazos que quedándose y yéndose nos recuerdan en lo más íntimo que estamos todos unidos; que somos peregrinos en este tempestuoso mar de la existencia. Bueno, a veces no es tan tempestuoso.

Y si el azul que da color a su escudo muestra su confianza en la protección de la Virgen, la cruz de Santiago se alza como estandarte de victoria en la batalla de la vida. También la cruz, al recordar su patria gallega, la vincula con Europa y, en ella, a toda la cristiandad, que desde tiempo inmemorial peregrina tras las huellas del primer Apóstol que derramó su sangre por Cristo.

Tal vez algunos de ustedes ya se habrán fijado en el profundo sentido de este emblema que con tanto orgullo han defendido. A veces nos pasa que trabajamos tanto, luchamos, queremos ser felices, ganar, demostrar lo que valemos, pero absorbidos por defender nuestros colores, nos olvidamos de lo que significan. Recuperar siempre la historia poética. Sin embargo, las raíces son importantes, ellas son las que nos dan el sentido, las vuestras nos hablan de una tierra que no se cierra al hermano que llega como peregrino, y a unas gentes capaces de dejarlo todo para lanzarse a afrontar las más altas empresas. Espíritu de sana aventura y espíritu de hospedaje fraterno.

Tanto en el estadio como en la vida, vuestras armas, como la cruz de Santiago que los preside, son esos pequeños gestos a los que a veces no damos importancia: es vencer desde la humildad, trabajar en equipo sin confiarse en las propias fuerzas, comprendiendo que la victoria es de todo. Importante ese trabajo en equipo: cuando en el mundo del deporte no se trabaja en equipo, pierden todos. También es entregarse con generosidad, sin ahorrar esfuerzos, sabiendo que sacrificarse por el otro cuando es necesario, del mismo modo, es aceptar que el confrontarse con otros equipos sirve para mejorar, para aprender, para ponernos a prueba y aquilatar todo nuestro juego.

Y en este sentido, el otro, más que un oponente digno de respeto, es siempre un amigo bienvenido. Si nuestro juego y nuestra vida, coherentes entre sí, dan ese ejemplo, seremos capaces de trasmitir, no la pasión a unos colores que excluyen, sino el amor a lo que representan. A esas banderas blanquicelestes y ese camino del Apóstol que nos hacen capaces de atravesar océanos y unir continentes, esperando la corona de justicia que el Señor, el Juez, va a otorgar a cuantos esperan en Él.

Y no quisiera terminar sin mencionar un trabajo, un aspecto que es trabajoso, pero que hay que mantener siempre: la dimensión de amateur. Cuando el deporte, en este caso el de ustedes, pierde esta dimensión «amatorial», de amateur, no tiene sentido, se transforma en una cosa comercial o simplemente aséptica, sin pasión. Conserven, por favor, esta mística «amatorial». No pierdan nunca la dimensión de amateur.

Que Dios los bendiga a todos y que la Virgen los cuide. Gracias.

Virxe do Carme, guía do noso camiño

O templo votivo do mar de Panxón acolleu, o 8 de xullo, **a tradicional homenaxe de fe e devoción das catro mariñas** —a armada, a mercante, a frota pesqueira e a deportiva— **á virxe do Carme.** Nesta ocasión, **a ofrenda,** durante a eucaristía presidida polo bispo Mons. Luís Quinteiro, **realizouna o comandante naval de Vigo, Antonio Couce,** quen expresou que «a mar é para nós unha das mellores simboloxías da liberdade, porque elixindo o rumbo que elixamos sempre poderemos chegar ao noso destino», incidindo na importancia de «elixir coidadosamente, no exercicio desa liberdade, destino e rumbo».

Ante a imaxe da patroa das xentes do mar, Antonio Couce realizou tres peticións á virxe do Carme: **polos defuntos os defuntos** para que «os auxilies e manteñas ao teu lado, proporcionándolles o seu ben gañado descanso». Tamén acudiu á súa patroa pedindo polos presentes «para que nos ampares sempre, **para que aprendamos a respectar, querer e coidar aos nosos maiores; para que logremos sacar adiante aos nosos fillos, educándolles no amor e no respecto ao próximo, e tamén no temor de Deus».** Finalmente, solicitou a protección da virxe do Carme **«para que nos guíes nesta elección persoal de rumbos e camiños na vida,** para que nos leven a bos portos e procúrennos éxito honorable nas nosas iniciativas; para que saibamos facer un bo uso da nosa liberdade e da nosa vida; para que xeremos benestar e amor para nós e para os demais; para que alimentemos a nosa convivencia con paz, integración e concordia».

Ao termo das palabras do comandante, dous membros da armada depositaron un centro de flores aos pés da imaxe da virxe como ofrenda en forno á patroa das catro mariñas que, cada ano, acoden ao templo de Panxón a solicitar o patrocinio da nosa Señora do Carme.

O **bispo de Tui-Vigo,** Mons. Luís Quinteiro, agradeceu a presenza dos fieis e das autoridades civís que acudiron á celebración eucarística. O prelado destacou as palabras do comandante: «non só é unha devoción piadosa, senón que é, como vostede ben dixo, alguén que marca o

rumbo e o camiño», pedindo así á patroa dos mariñeiros que «nos axude nesta singradura do tempo presente; **que nos axude a manter no noso corazón e no da nosa xente a fidelidade a Deus, que é o que dá a dignidade humana».** «Oxalá —expresou Mons. Luís Quinteiro— que a nosa cultura manteña a identidade que nunca perdeu: somos irmáns que temos encontros e dificultades, pero **nunca ningún irmán é máis que outro.** A fe cristiá non pode perder esta loita; non pode renunciar a estar presente no medio da sociedade a través de cada un de vós, para que esta lexitimidade da fraternidade humana non perda a súa forza».

No momento das ofrendas, a delegación de Stella Maris de Vigo da diocese de Tui-Vigo ofreceu, xunto ao pan e o viño, unha coroa de flores, en nome de todas as xentes do mar que atenden nas oficinas situadas no edificio Portocultura. A celebración finalizou cun momento de adoración eucarística e a habitual procesión ata o atrio do templo onde o bispo Mons. Luís Quinteiro bendixo os mares e a todas as xentes vinculadas ao traballo do mar.

Foi no ano 1939, cando o templo votivo de Panxón celebrou por vez primeira a Ofrenda do Mar que, ademais de ser unha homenaxe das mariñas á Virxe, converteuse nunha oportunidade para revalorizar o papel dos mariños e visibilizar os graves problemas que afectan as súas vidas e familias. A Igrexa universal reforza a conmemoración do «Día das xentes do mar» que se celebra todos os anos, o 16 de xullo, facéndoo coincidir coa festa católica da Virxe do Carme.

Máis dun centenar de mozos participará na JMJ coa diócese de Tui-Vigo

A delegación de Pastoral Xuvenil e Universitaria da diocese de Tui-Vigo organizou a viaxe á Xornada Mundial da Mocidade na que participarán 60 mozos e mozas de distintas realidades da diocese de Tui-Vigo —parroquias como o Divino Salvador de Soutomaior ou o Inmaculado Corazón de María de Vigo, o Seminario Menor de Tui ou colexios como Compañía de María, entre outros—e **43 mozos do colexio San Xosé de Cluny de Pozuelo, en Madrid,** que se unen a este encontro co papa Francisco na cidade portuguesa de Lisboa. En total 103 mozos de idades **comprendidas entre os 14 e os 30 anos** viaxarán á JMJ, **acompañados por relixiosas, sacerdotes e o bispo de Tui-Vigo, Mons. Luís Quinteiro.**

A Xornada Mundial da Mocidade, que se celebra do 31 de xullo ao 6 de agosto, é un encontro de mozos de todo o mundo que se reúnen co papa Francisco para celebrar a súa fe en Xesucristo. É ademais unha peregrinación, unha festa da mocidade, unha expresión da Igrexa universal e un momento forte de evanxelización do mundo xuvenil.

Os **actos centrais** destas xornadas **coinciden coa chegada do papa Francisco a Lisboa** o día 3 de agosto co acto de acollida no «Outeiro do Encontro» —Parque Eduardo VII—. O papa Francisco presidirá o 4 de agosto o Vía Crucis, tamén no «Outeiro do Encontro»; o 5 de agosto, terá lugar a Vixilia e, o 6 de agosto, a Misa de Envío no «Campo dá Graça» —Parque Tezo—.

Ao longo de toda a semana, pola mañá terán lugar as catequeses «Rise Up» impartidas por bispos e mozos de todo o mundo, pola tarde o «Festival da Mocidade» con máis **de 500 eventos programados** e, durante todo o día, será posible visitar a Cidade da Alegría co Parque do Perdón, onde será posible recibir o sacramento da Reconciliación e acudir á Feira Vocacional. Todo iso será posible grazas a preto de **30.000 voluntarios** —1.000 procedentes de España— que asistirán á JMJ.

Con anterioridade, e como preparación a estas xornadas, **do día 26 ao 31 de xullo o grupo diocesano participará nos «Días na diocese» na cidade de Faro,** diocese de Algarve, xunto con outros 7.000 peregrinos chegados de distintos puntos do mundo. É unha oportunidade para coñecer a diocese de Algarve, distintos aspectos da vida diocesana, atoparse con diversas culturas, celebrar e festexar.

Finalizada a Xornada Mundial da Mocidade en Lisboa, **os días 7 e 8 de agosto,** terá lugar **en Coimbra un encontro con todos os peregrinos das cinco dioceses da provincia eclesiástica de Santiago de Compostela** —que engloba a arquidiocese compostelá e as dioceses de Mondoñedo-Ferrol, Tui-Vigo, Lugo e Ourense—, o que supón compartir a alegría da fe con aproximadamente 400 mozos e mozas galegos.

Festa do Santísimo Cristo da Vitoria

A confraría do Santísimo Cristo da Vitoria organizou unha serie de actos con motivo da festa en honra ao Santísimo Cristo da Vitoria que a diocese de Tui-Vigo celebra cada ano o primeiro domingo de agosto. Os actos comezaron o 28 de xullo coa novena en honra ao Cristo —predicada por Mons. Jesús Rodríguez Torrente, xuíz auditor da Rota da Nunciatura Apostólica de Madrid— e coa imposición de medallas dos novos confrades —a maior cifra alcanzada nos últimos anos—.

O sábado 5 de agosto, o parque de Castrelos acolleu a lectura do pregón a cargo do fiscal xefe de Vigo, Susana Baquero-García, que contou tamén coa intervención da presidenta da confraría do Santísimo Cristo da Vitoria, Marora Martín-Caroto. Pola tarde dese mesmo día, tivo lugar o descendemento da imaxe do Cristo do presbiterio da concatedral, para ser, posteriormente, engalanado para a procesión polas rúas da cidade olívica.

Ao día seguinte, domingo 6 de agosto, festa do Santísimo Cristo da Vitoria, o bispo de Tui-Vigo, Mons. Luís Quinteiro, presidiu, pola mañá, a eucaristía solemne na concatedral-basílica de Santa María e, pola tarde, a solemne procesión coa imaxe do Cristo.

Xornada Mundial da Xuventude, Lisboa 2023

Mozos e mozas da diócese de Tui-Vigo na JMJ de Lisboa 2023

Máis dun centenar de mozos da diocese de Tui-Vigo participaron na Xornada Mundial da Mocidade, que o papa Francisco convocou do 1 ao 6 de agosto en Lisboa baixo o lema «María levantouse e partiu sen demora». Antes de chegar á capital lusa, os mozos diocesanos, xunto a outros mozos do colexio San Xosé de Cluny de Pozuelo que se sumaron ao plan da delegación de Pastoral Xuvenil e Universitaria de Tui-Vigo, tiveron a oportunidade de coñecer a cultura e a fe do país veciño durante os «Días nas dioceses» (DnD), na cidade de Faro —diocese do Algarve—.

Desde o 27 de xullo e ata o 3 de agosto, o bispo de Tui-Vigo, **Mons. Luís Quinteiro, acompañou aos mozos que quixeron acudir ao encontro co Santo Pai en Lisboa.** Durante unha entrevista en COPE Vigo, o prelado **destacou que a JMJ foi «unha festa marabillosa de mozas.** Hai unha mocidade que se entusiasmou moitísimo co papa. É unha realidade moi esperanzadora».

"Días nas dióceses", en Faro / Do 27 ao 31 de xullo

Durante cinco días, os mozos da diocese de Tui-Vigo puideron gozar de diferentes espazos de misión, cultura, deporte ou oración que foron, de forma especial, espazos de encontro co rostro dun Deus presente no cotián da cidade de Faro. Espazos que se puideron desenvolver grazas á colaboración voluntaria de centos de persoas que puxeron o seu tempo e os seus talentos ao servizo da Igrexa para acoller a case 5.000 mozos de diferentes nacionalidades que puideron empaparse, así, da cultura lusa durante os días previos á JMJ na diocese do Algarve —concretamente, en Faro, Loulé e Tavira—.

Xoves 27 de xullo. Benvida — Durante o saúdo inicial das diversas autoridades civís e eclesiais, Mons. Manuel Quintas, bispo do Algarve, agradeceu o entusiasmo dos mozos estranxeiros por Cristo e lembrou a importancia de gozar e saborear os «Días nas dioceses», testemuñando a alegría da mocidade. A xornada consistiu en descubrir, pola mañá, os lugares emblemáticos de Faro e, pola noite, as diferentes culturas que se deron cita na cidade para vivir eses días previos á JMJ, nun intercambio cultural festivo que encheu o xardín Manuel Bivar.

Venres 28 de xullo. Misión, voluntariado e oración de Taizé — Os mozos realizaron diversas actividades de voluntariado: acompañando anciáns nas residencias, salvagardando as praias das especies invasoras e mantendo as rúas limpas de cabichas.

O bispo de Tui-Vigo, Mons. Luís Quinteiro, presidiu a primeira eucaristía oficial na igrexa do Carme, para todos os mozos galegos. O prelado lembrou que «o Señor nos convida nestes días para escoitarlle e a abrirlle o noso corazón, sen condicións, porque poñerlle condicións a Deus é romper o noso máis profundo compromiso con el». Nunha peregrinación cargada de emocións, pero tamén de mocións do Espírito Santo, Mons. Luís Quinteiro declarou que hai dúas actitudes fundamentais: facerse preguntas, pero tamén deixar paso ás respostas. Neste sen-

tido, recalcou que «é un momento para ser. Non podedes simplemente facer unha pregunta, tedes que ser unha resposta».

Pola noite, o irmán Alois, actual prior da comunidade ecuménica de Taizé , dirixiu un intre de oración no xardín da Alameda, no que lembrou que «a cruz e a resurrección de Xesús son o corazón da nosa fe».

Sábado 29 de xullo. Cultura e deporte — Deporte, música e xogos tradicionais foron os protagonistas da mañá, mentres que, pola noite, o Comité Organizador Local do Algarve organizou unha gran festa de despedida con todos os peregrinos de Faro no Colégio de Nossa Senhora do Alto.

Domingo 30 de xullo. Adoración e misa de envío — Último día na cidade de Faro, antes de poñer rumbo a Lisboa para atoparse co papa Francisco. Nesta ocasión, a mañá comeza cun intre de adoración eucarística no xardín da Alameda.

Pola tarde, o Estadio Algarve acolleu a preto de 5.000 mozos con máis de 20 nacionalidades diferentes que, durante eses días, foron acollidos nas cidades de Faro, Loulé e Tavira. Decenas de bandeiras, tinguiron de cor o estadio, testemuñando a multiculturalidade dun encontro entre mozos que anhelan compartir a súa vivencia da fe con outros.

Isabel Tamayo, nova universitaria de Vigo, tivo a oportunidade de participar activamente lendo, en español, unha das lecturas da celebración ante miles de mozos; tamén o Evanxeo foi proclamado por Jesús García, sacerdote de Tui-Vigo.

Na súa intervención, o bispo Mons. Manuel Quintas envío aos mozos «como peregrinos á JMJ, guiados por María, pedíndovos que regresedes aos vosos países como discípulos misioneiros». Ademais, o prelado afirmou que «quen parte como peregrino e atopa a Cristo, nunca regresa co corazón baleiro. Regresa sempre co corazón cheo do que viu, oíu, contemplou e cun gran desexo de compartir a súa experiencia persoal e eclesial».

Tras a eucaristía, os mozos puideron participar do concerto do grupo Xene Verde, pertencente ao movemento dos Focolares.

“Encontro de españois”, en Cascais / 31 de xullo

O 31 de xullo, o centenar de mozos da diocese de Tui-Vigo puxo rumbo a Lisboa, concretamente á parroquia da Santísima Trindade de Miraflores, encargada de acoller ás dioceses galegas que participaron na JMJ.

Pola tarde, a Subcomisión Episcopal para a Mocidade e a Infancia da Conferencia Episcopal Española organizou o «Encontro de españois», que contou coa participación de máis de 36.000 mozos e polos 64 bispos españois que xa chegaran a Lisboa, concelebrantes na eucaristía presidida polo cardeal Omella.

Ás 22.00 horas comezaba este Festival presentado por Guillem Climent, de Megastar FM. Contouse coas actuacións de DJ Abraham; Unai Quirós; Aisha; Toño Casado; Nico Montero; Celia Salamanca; Marta Mesa; Juan Baena; A voz do deserto; Jesús Cabello; Miguel; e Grilex.

Durante o festival, houbo un agasallo para todos os mozos a cargo de Nacho Cano, compositor e director de o musical Malinche, que interpretou, onda unha trintena de cantantes do musical, dúas cancións da obra que se pode ver actualmente en Madrid.

JMJ, en Lisboa / Do 1 ao 6 de agosto

A Xornada Mundial da Mocidade deu comezo de forma oficial o luns 1 de agosto, ás 19 horas, no parque Eduardo VII, convertido, durante eses días, no «Outeiro do encontro». Alí, o cardeal patriarca de Lisboa, Mons. Manuel Clemente, presidiu a **eucaristía de apertura,** durante a que acolleu a todos os peregrinos: «Benvidos a todos! Desexo que sintan como na casa, nesta casa común onde viviremos a Xornada Mundial da Mocidade. Benvidos!».

Durante as mañás dos días 2, 3 e 4 de agosto, os mozos participaron nos **encontros «Rise-Up»,** no parque de Santa Catarina —en Algés —, onde estiveron acompañados tamén polos bispos de Galicia. En concreto, o arcebispo de Santiago de Compostela, Mons. Francisco José Prieto, foi o encargado de dirixir o segundo dos encontros. O bispo de Tui-Vigo, Mons. Luís Quinteiro, ademais de acompañar aos mozos diocesanos, impartiu catequeses na parroquia de Santo André, no parque de Cidade do Barreiro. Estes encontros catequéticos constituíron unha oportunidade para compartir a experiencia con mozas doutras dioceses e países, pero tamén unha oportunidade de escoitar aos pastores da Igrexa e de achegarse ao sacramento da Reconciliación.

Paralelamente aos actos oficiais que contaron coa presenza do papa Francisco, organizouse o **«Festival da mocidade»,** cunha oferta de 600 actividades, esparexidas por toda a capital lusa: música, conferencias, exposicións, teatro, danza, eventos relixiosos e de encontro, cinema e deportes. A esta ampla oferta sumouse tamén a **«Cidade da alegría»,** no xardín Vasco de Gama, un espazo que axunta a Feira Vocacional, a Capela e o Parque do Perdón, espazo onde os peregrinos poden ter un encontro con Cristo Misericordioso a través do sacramento da reconciliación.

O 3 de agosto, o «Outeiro do encontro» foi o escenario onde se celebrou a **cerimonia de acollida** co papa Francisco. No medio da multitude, da marea de bandeiras, moitos dos mozos de Tui-Vigo tiveron a oportunidade de ver, por primeira vez a escasos metros de distancia, ao

santo pai, provocando bágoas e abrazos de emoción que se contaxiaron duns a outros. O vigairo de Cristo na terra deixou patente como ha de ser a acollida: «na Igrexa, hai espazo para todos. Para todos. Na Igrexa, ningún sobra. Ningún está de máis. Hai espazo para todos. Así como somos. Todos».

O **viacrucis,** tamén no «Outeiro do encontro», espazo de acollida e misericordia, constituíu a antesala dos actos centrais da fin de semana. Alí, o papa Francisco manifestou: «Vostedes sábeno, sábeno mellor que eu: amar é riesgoso. Hai que correr o risco de amar. É un risco, pero vale a pena correlo, e El acompáñanos nisto. Sempre nos acompaña. Sempre camiña». E engadiu: «Xesús camiña á Cruz, morre na Cruz, para que a nosa alma poida sorrir».

Antes de poñer rumbo ao parque Tezo, durante eses días «Campo da Gracia», o **medio milleiro de mozos de Galicia celebraron a eucaristía presidida polo arcebispo compostelán** e concelebrada polo resto de bispos e sacerdotes galegos, no templo parroquial da Santísima Trindade de Miraflores. Tras inmortalizar o momento, cunha foto de familia ao termo da celebración, peregrinaron ata o «Campo da Gracia», para participar na vixilia de oración co papa Francisco.

«A alegría é misioneira, a alegría non é para un, é para levar algo» expresou o santo pai durante a **vixilia.** Neste sentido, engadiu que «todos, se miramos cara atrás, temos persoas que foron un raio de luz para a vida […]. Eles son como as raíces da nosa alegría». Para quen sente cansos, o papa Francisco tamén dirixiu palabras de ánimo e lembrou que quen «permanece caído "xubilouse" da vida, pechou a esperanza. Que temos que facer? Levantalo».

Tras a despedida do papa Francisco, a música de Hakuna —seguida por artistas de diferentes nacionalidades— ambientou o «Campo da Gracia», ata que, aos poucos, os mozos rendéronse ao cansazo e ao soño. Na noite, os sacos de durmir cubriron a superficie total do parque Tezo.

Co amencer, a música do pai Guilherme espertou aos máis durmiñóns. Tocaba prepararse para a **misa de envío** presidida polo papa Francisco, ao que os mozos acolleron entre aplausos e berros: «esta é a

mocidade do papa». Como lembrou o pontífice, da JMJ os mozos leváronse tres cousas fundamentais: «resplandecer, escoitar e non ter medo».

Terminábase, así, a aventura, pero non sen antes descubrir o **próximo destino: Seúl, capital de Corea do Sur, en 2027.** Antes, en 2025, haberá unha cita en Roma: o Xubileu dos Mozos, coincidindo co Ano Santo, o ano xubilar da Igrexa católica.

HC Santo Rafael cumpre 80 anos como referente na asistencia a persoas con discapacidade intelectual

Co obxectivo de conmemorar **o seu 80 aniversario,** o xoves, 16 de novembro, **o Fogar e Clínica Santo Rafael de Vigo celebrou un acto para persoas usuarias e colaboradores,** que contou tamén coa presenza de diferentes autoridades civís e eclesiásticas, entre elas, **o bispo de Tui-Vigo, Mons. Luís Quinteiro Fiuza, que presidiu a eucaristía coa que daban comezo os actos.** Previamente, á primeira hora da mañá, celebrouse unha misa na sala da Enfermería, en presenza dos 12 nenos ingresados nese momento.

Finalizada a celebración presidida polo prelado tudense, o director xerente de HC Santo Rafael, Diego Viñas, agradeceu a todos os asistentes a súa presenza e destacou que «para todos os que formamos parte da gran familia do centro é un orgullo poder celebrar que levamos 80 anos dando resposta ás necesidades das persoas con discapacidade intelectual e que a día de hoxe seguimos prestándolles unha atención integral ao longo de todo o ciclo vital, desde a atención temperá a menores de 3 anos ata o coidado na terceira idade, pasando por toda a súa etapa formativa e de integración sociolaboral».

Tras os discursos institucionais, procedeuse a apagar as velas dunha torta conmemorativa e todos os asistentes gozaron dun aperitivo.

O 29 de agosto de 1943, inaugurouse o Fogar e Clínica Santo Rafael en Vigo. **Despois de 80 anos, o centro creceu exponencialmente e converteuse nunha referencia na prestación de servizos de carácter asistencial na provincia de Pontevedra.** Actualmente, atende a máis de 200 persoas con discapacidade intelectual de niveis medios e lixeiros e a súa área de rehabilitación dá servizo a unha media de 500 pacientes ao mes.